

PROPOSTAS
DE MEJORA

Informe
sobre el estado
e situación
del Sistema Educativo

Consejo Escolar del Estado
Curso 2006/2007



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN,
POLÍTICA SOCIAL Y DEPORTE



CONSEJO
ESCOLAR
DEL ESTADO

NOTA: El Consejo Escolar del Estado agradece al Consejo Escolar de Galicia su inestimable ayuda en la traducción realizada de las *Propuestas de Mejora* en la lengua cooficial propia, que fueron aprobadas en lengua castellana por el Pleno del Consejo.



MINISTERIO DE EDUCACIÓN, POLÍTICA SOCIAL Y DEPORTE
Consejo Escolar del Estado

Edita:

© SECRETARÍA GENERAL TÉCNICA
Subdirección General de Información y Publicaciones

Catálogo de publicaciones del MEPSYD

<http://www.mepsyd.es/>

Catálogo general de publicaciones oficiales

www.060.es

Fecha de edición: 2008

NIPO.: 660-08-109-6

Depósito Legal: M-36739-2008

Imprime: Artes Gráficas Rupem S. Coop.

▪ Presentación	3
▪ Propostas de Mellora	11
<i>0. De carácter xeral</i>	11
<i>1. Educación Infantil</i>	12
<i>2. Educación Primaria</i>	15
<i>3. Educación Secundaria Obrigatoria</i>	17
<i>4. Bacharelato e Formación Profesional</i>	20
<i>5. A máxima prioridade de futuro: investir en educacion (o gasto)..</i>	23
<i>6. Convivencia</i>	24

PRESENTACIÓN

O Consello Escolar do Estado, máximo órgano consultivo e de participación dos niveis educativos non universitarios no que se atopan representados os sectores máis directamente implicados na programación xeral da ensinanza, elabora cada curso académico o *Informe sobre o estado e situación do sistema educativo*.

O día 26 de xuño de 2008 o pleno do Consello, ao que por primeira vez se incorporaron os presidentes dos Consellos Escolares das 17 Comunidades Autónomas ademais dun grupo en representación das corporacións locais e outro polas organizacións de mulleres máis representativas, aprobou o *Informe sobre o estado e situación do sistema educativo español do curso 2006/07*. Este é o vixésimo primeiro dende que a *Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación*, creara o Consello Escolar do Estado asignándolle o cometido de elaborar, aprobar e facer público o dito informe en cada curso académico.

No presente *Informe* procurouse seguir mellorando a súa estrutura para lograr manter a riqueza de datos e matices dos informes anteriores coas demandas que introducen os cambios normativos, a evolución social e as formulacións dos sectores que integran a comunidade educativa. Por primeira vez as propostas de mellora que o Pleno aprobou elevar ás Administracións educativas van ser publicadas tanto en castelán como nas linguas cooficiais do Estado, o que agardamos contribúa á súa maior difusión e a incrementar as posibilidades de influencia institucional da totalidade da comunidade educativa representada neste organismo.

O *Informe* deste curso organizouse en catro grandes apartados:

- No *Apartado I* inclúese a análise dos acontecementos máis salientables do curso 2006/07 protagonizado polo desenvolvemento regulamentario da Lei orgánica de educación e pola implantación de determinadas medidas encamiñadas a reforzar a equidade do sistema e a mellorar a calidade das aprendizaxes na perspectiva de acadar os obxectivos europeos fixados polos países membros da Unión Europea para o ano 2010.

- No *Apartado II* mantéñense os seis aspectos máis relevantes do noso sistema e a súa comparación internacional. En cada un destes capítulos inclúense aquelas *propostas de mellora* que o Consello Escolar do Estado estima conveniente elevar ás Administracións educativas. Nesta ocasión reducíronse a cinco o número de propostas de cada un deles co obxectivo de gañar en claridade e contundencia.
- No *Apartado III* recóllese toda a información estatística e documental, clasificada por epígrafes que manteñen a estrutura de cursos anteriores, para facilitar a localización de datos e a súa comparación. Por primeira vez o informe inclúe un apartado específico dedicado a Ceuta e Melilla.
- No *Apartado IV* preséntanse *outras propostas de mellora* aprobadas polo Consello que recaen tanto sobre aspectos xerais do sistema educativo como sobre diferentes aspectos non incluídos nos temas seleccionados no apartado II.

Toda a información referida aos apartados descritos atópase incorporada ao CD que acompaña a publicación en papel. Na súa elaboración procuráronse xuntar as diversas sensibilidades e enfoques mantidos polos sectores e organizacións presentes no organismo, convencidos do valor engadido que representa acadar ámbitos de consenso.

Da lectura polo miúdo do *Informe sobre o estado e situación do sistema educativo no curso 2006/07* obtéñense unhas conclusións que cremos poden ser maioritariamente compartidas.

Foron moitos os esforzos realizados tanto polas Administracións públicas como polos distintos sectores da comunidade educativa que permitiron un avance notorio en moitos aspectos. Pero o Consello Escolar do Estado debe chamar a atención sobre os que estima problemas principais da educación española e pedirllas ás autoridades do Estado que dediquen a estes unha atención preferente aplicando os esforzos e os medios axeitados para os resolveren con eficacia, avaliación e seguimento das medidas que se vaian adoptando, nun marco de cooperación entre todas as Administracións educativas.

Para os afrontarmos de xeito eficaz é imprescindible e inaprazable un incremento substancial dos investimentos en educación e da súa eficiencia aplicando criterios de rigor e supervisión no seguimento do gasto. Destinar unha porcentaxe do 7% do PIB a educación e, en calquera caso, acadar xa a media europea e aínda superar esa media, como vén reclamando o Consello nos seus informes anuais, é unha necesidade inaprazable para mellorar a calidade das instalacións escolares e dos seus equipamentos e para responder con acerto aos desafíos que ten formulados o noso sistema escolar. A educación é a mellor inversión dun Estado.

Así mesmo, a mellora da formación inicial e permanente do profesorado para desenvolver as competencias básicas e o reforzo da consideración social do labor docente deben redundar nunha maior calidade do sistema educativo que depende, en boa medida, da calidade do profesorado.

En relación con cada un dos grandes temas que se abordan no apartado II do informe pódense sintetizar como segue as carencias que se aprecian e as solucións que se propoñen:

1. Carácter educativo da educación infantil para garantir a igualdade de oportunidades

Investigacións e estudos nacionais e internacionais teñen concluído en numerosas ocasións que a escolarización en idades temperás é un dos factores clave para que os estudantes alcancen mellores rendementos, especialmente cando as familias teñen baixo nivel socioeconómico e cultural. En consecuencia, a escolarización temperá é un medio eficaz para conseguir a equidade e previr o fracaso escolar. A LOE establece o carácter educativo da etapa 0-6 anos, dividida en dous ciclos. Sen embargo, as múltiples e variadas regulacións posibles do primeiro ciclo da educación infantil poden conducir ao deterioro, ou á perda do seu carácter educativo. Unha deficiente escolarización no primeiro ciclo da etapa contribuiría a agravar, máis que a compensar, as condicións socioculturais de partida.

Para o evitar, as Administracións educativas deben garantir o carácter educativo do primeiro ciclo de educación infantil e a súa vinculación co segundo ciclo, coa

esixencia duns requisitos mínimos comúns de calidade que cumpran cos fins para os que foi establecido.

2. Mellorar a competencia lectora e a aprendizaxe de idiomas, prioridade educativa

O último informe PISA puxo de manifesto as dificultades dos nosos adolescentes en comprensión lectora (dificultades para analizar, relacionar, inferir, etc.) que comparten os mozos de moitos países da Unión Europea, indicándonos que nos atopamos ante un problema complexo.

Por iso é imprescindible que se desenvolvan e se apliquen con rigor as medidas de fomento da lectura propostas na LOE para a educación primaria e secundaria obrigatoria. O fomento da competencia lectora, a máis básica das competencias básicas, é responsabilidade dos profesores de todas as materias. Para aplicar as medidas correctoras necesarias, o Consello pídelle ao Ministerio de Educación que, a través do Instituto de Avaliación, avalíe sistematicamente a situación e progreso nas competencias básicas incluídas no currículo e, especialmente, na competencia lectora, utilizando os datos derivados das avaliacións de diagnóstico internacionais.

Por outra banda, para favorecermos a formación continua dos cidadáns e cidadás do século XXI a aprendizaxe de idiomas é imprescindible. Cómpre habilitar medidas que promovan a aprendizaxe dos idiomas dende idades temperás, ampliar a dotación de bolsas de estudo en países estranxeiros, estender as experiencias de currículos bilingües e, moi especialmente, garantir a formación inicial e permanente do profesorado no dominio de idiomas.

3. O abandono escolar prematuro: talón de Aquiles do noso sistema educativo

A porcentaxe de alumnado que conclúe a ESO sen titulación, ou a abandona antes de tela concluída e que se instalou en torno ao 30%, resulta insoportable para o noso sistema educativo. O problema reviste especial gravidade entre os varóns. Aínda que existen importantes diferenzas entre os países da Unión

Europea e entre unhas Comunidades Autónomas e outras, en xeral é un aspecto que se resiste a mellorar na medida do proposto polos obxectivos europeos e españois para o 2010.

Sen dúbida, este é o principal reto que debe afrontar a educación española. Solucionalo esixe a posta en marcha de mecanismos diversos: han de se reforzar as medidas compensatorias establecidas pola LOE e, alí onde sexa necesario, diminuír as rateos profesorado/alumnado, facilitar apoios e reforzos temperás dende primaria, motivar coa cultura do traballo e do esforzo e, en xeral, aplicar as medidas que sexan precisas á vista dos resultados das avaliacións de diagnóstico.

Para o alumnado que logo de se acoller a todas as medidas compensatorias propostas non acadade o obxectivo final da titulación na ESO, as Administracións deben facer o máximo esforzo por garantir o seu acceso a unha oferta suficiente de Programas de Cualificación Profesional Inicial en todos os centros, de xeito que toda a poboación logre, cando menos, a certificación dun deses programas e con esta certificación se lle posibilite seguir os seus estudos na formación profesional de grao medio.

4. Aumento da oferta e maior flexibilidade das ensinanzas postobligatorias

Estamos tamén moi lonxe da taxa desexable de mozos de 18 a 24 anos que se encontran en posesión dun título de Ensinanza Secundaria Superior, o cal constitúe un problema para a sociedade nun mundo cada vez máis competitivo. Cómpre unha análise rigorosa das diferenzas entre as distintas Comunidades Autónomas e as súas posibles causas, do funcionamento e da adecuación das fórmulas establecidas pola lexislación e un seguimento polo miúdo da evolución das taxas. É imprescindible que as Administracións tomen medidas para deter a diminución do alumnado que cursa o bacharelato e para incrementar o número de alumnos e alumnas matriculados en ciclos de grao medio e grao superior co horizonte, a medio prazo, de lograr o obxectivo dun 85% de titulados en secundaria postobligatoria proposto pola Unión Europea. Avanzar cara a este obxectivo depende dos logros que sexamos quen de conseguir na redución do abandono educativo prematuro.

Para o acadar é imprescindible que a oferta educativa das ensinanzas postobrigatorias sexa máis flexible, compatible co traballo, para que os menores de 20 anos incorporados ao mundo laboral poidan acceder a estudos superiores con incentivos para eles e para a empresa. Así mesmo, débese ampliar a oferta dos centros de segunda oportunidade para lles facilitar aos maiores de idade a posibilidade de obter o título.

5. A integración escolar hoxe, garantía da cohesión social de mañá

A escolarización dos alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo, con risco de exclusión social e de incorporación serodia ao sistema educativo (alumnado estranxeiro), concéntrase en zonas e centros determinados, con graves consecuencias para algúns centros en detrimento, probablemente, da súa integración social. Tanto o Consello Escolar do Estado, como o Valedor do Pobo, propoñen unha política de escolarización racional para evitar guetos que dificulten a integración e a calidade da ensinanza, así como a adopción das oportunas medidas compensatorias que melloren as perspectivas escolares deste alumnado. Todo iso será posible dotando os centros dos recursos humanos e materiais suficientes e mantendo un seguimento que determine a eficacia das medidas adoptadas e a súa posible mellora.

6. Aprender a convivir, pilar da educación

As Administracións educativas deben seguir moi de preto a evolución da convivencia nos centros para que se convertan en escolas de cidadanía, pois se non hai convivencia non hai educación. Non é suficiente evitar con eficiencia os conflitos que perturban a vida escolar, senón que cómpre inculcar os principios e hábitos dunha convivencia dende a participación na elaboración das normas, a responsabilidade, o respecto e a solidariedade aproveitando a situación única e non repetible que ofrece o marco escolar rexido por unhas normas elaboradas coa participación dos axentes implicados.

O Consello fixo público o acordo de rexeitamento de calquera tipo de violencia o 27 de xaneiro de 2007. Agora pídelle ao Observatorio da Convivencia que valore en que medida aquela análise e as propostas formuladas contribuíron á mellora da convivencia escolar e que se difundan experiencias que se teñen amosado eficaces como a titoría compartida e a mediación en conflitos. Tamén é importante que as previsións relativas ao sistema educativo que contén a Lei orgánica de prevención da violencia de xénero se aceleren e se incrementen en beneficio da formación integral do alumnado.

Agardamos ter acertado no diagnóstico que agora se presenta á comunidade educativa e á sociedade e que todos manteñamos a confianza no noso sistema educativo. O Consello insta ás autoridades do Estado, Comunidades Autónomas, institucións, organismos e á sociedade en xeral, para que, coa responsabilidade que a cadaquén lle corresponde, non recorten os esforzos necesarios para lograr unha adecuación de calidade con equidade. Soamente facendo da educación a *prioridade*, coas achegas de todos, lograremos que os nosos mozos se atopen entre os máis e mellor educados de Europa.

Cremos conveniente publicar de maneira autónoma as ditas *propostas de mellora* coa fin de que acaden a máxima difusión posible entre todos os sectores interesados, se ben debemos seguir mantendo a perspectiva de que forman parte dun *informe* máis extenso ao que é necesario remitirse para captar todo o seu significado. Esperamos que as consideracións que contén esta publicación contribúan ao avance do noso sistema educativo.

Carmen Maestro Martín
Presidenta del Consejo Escolar del Estado

PROPOSTAS DE MELLORA

0. De carácter xeral

1) O Consello Escolar do Estado considera que a escola pública debe ser o eixo vertebrador do sistema educativo do Estado español, pois a escola pública é a que está en todas as vilas e cidades, en todos os barrios e aldeas, é á que acode a maioría do alumnado de todo o estado, a que fai que a etapa de escolarización obrigatoria sexa unha etapa de convivencia entre escolares, cos iguais e cos distintos, unha etapa que serve para o recoñecemento mutuo, para a valoración positiva entre os que son distintos, unha etapa que contribúe con esta convivencia ao mellor desenvolvemento democrático dunha sociedade cada día máis diversa, máis múltiple, máis plural. Esta escola, a escola pública, na que cursa a escolarización obrigatoria o maior número de alumnado de todo o estado, é a que o Consello Escolar do Estado considera que deben potenciar os poderes públicos.

2) O Consello Escolar do Estado insta á Administración educativa do Estado a buscar un marco que permita un compromiso institucional, acordo ou pacto de estado que asegure a estabilidade dun sistema educativo válido e eficaz para todo o territorio nacional e con visos de permanencia, cuestión esencial para mellorar o sistema educativo, a ensinanza pública e as condicións de traballo dos docentes.

3) O Consello Escolar do Estado insta ás Administracións educativas a tomar medidas que profunden nos principios de inclusión, igualdade de oportunidades e accesibilidade universal aos centros e contornos educativos, ao currículo, á información e á comunicación para asegurar a atención aos alumnos e alumnas con discapacidade. Entre outras medidas débese procurar a detección precoz das necesidades educativas asociadas á discapacidade, a previsión e dotación de recursos ás necesidades específicas de apoio educativo e de orientación psicopedagóxica no tránsito entre etapas, así como a permanencia e avance deste alumnado dentro do sistema educativo máis alá das ensinanzas obrigatorias. Todo iso sen esquecer a actualización de competencias e a flexibilización horaria e incentivación do profesorado que atende o alumnado con necesidades educativas especiais.

4) O Consello Escolar do Estado insta ao Goberno a que revise o Concordato co Estado Vaticano co obxectivo de que a ensinanza da relixión non forme parte do currículo escolar.

5) O Consello Escolar do Estado recoméndalles ás Administracións educativas que eviten calquera discriminación por razón de sexo nos centros escolares.

1. Educación Infantil

1ª) Para acadar os obxectivos europeos fixados para o 2010, instase ás Administracións educativas a situar a taxa de escolarización no 100% dos nenos e nenas no segundo ciclo da educación infantil e a potenciar a escolarización no primeiro ciclo, procurando que as familias tomen conciencia dos beneficios que lles pode reportar aos seus fillos e fillas unha boa escolarización a estas idades. Especialmente deben escolarizarse aqueles nenos e nenas que proveñen de sectores sociais desfavorecidos, xa que a educación en idades temperás constitúe un factor fundamental para compensar as situacións de desvantaxe de partida. Para iso é fundamental a creación de suficientes prazas públicas de calidade, así como a actualización do criterio de poboación contido no modelo vixente de financiamento das Comunidades Autónomas, mediante a creación e consolidación dunha rede de escolas infantís de titularidade pública en todas as Comunidades Autónomas. Esta rede estará conformada polos centros propios das Comunidades Autónomas e os centros das Administracións locais e debe constituírse no elemento vertebrador e no referente indiscutible de calidade do sistema.

Para facilitar o logro dos obxectivos educativos da etapa cómpre que, naquelas comunidades nas que aínda non se ten feito, o ciclo 0-3 pase a depender das Administracións educativas.

2ª) Para favorecer a escolarización no ciclo 0-3 anos propónselles ás Administracións educativas que incrementen de maneira substancial o gasto público destinado ao primeiro ciclo da educación infantil, no marco da súa programación educativa, co fin de que os obxectivos marcados no Programa Nacional de Reformas poidan ser unha realidade no horizonte do 2010. Todo iso sen detrimento do necesario financiamento nos niveis obrigatorios do sistema.

O Consello Escolar do Estado insta ao Ministerio de Educación e ás Administracións educativas a que adopten as medidas e os recursos materiais e humanos de apoio necesarios para a total escolarización na educación infantil dos alumnos inmigrantes, co fin de favorecer a súa integración social.

O Consello Escolar do Estado insta ás Administracións educativas a que oferten postos escolares públicos suficientes, tendendo á súa gratuidade.

3ª) Recomendáselles ás Administracións educativas un decidido apoio ás medidas de colaboración coas corporacións locais encamiñadas á creación de prazas gratuítas no primeiro ciclo da educación infantil, o que, ademais dos beneficios efectivos que diso se derivarán para os nenos e nenas afectados, facilitará a conciliación da vida familiar e laboral dos pais e nais. Estas medidas deben ser complementarias con axudas ás familias que opten pola escolarización dos seus fillos en centros privados así como co establecemento de convenios con entidades privadas sen ánimo de lucro para atender na súa totalidade a demanda educativa das familias no primeiro ciclo da educación infantil.

4ª) A transición dende o último curso da educación infantil ao primeiro curso da educación primaria presenta problemas de adaptación para algúns nenos e nenas debido ás diferenzas existentes entre ambas as dúas etapas. Por iso, propónselles ás Administracións educativas que elaboren plans de transición específicos, así como que insten aos centros docentes a que elaboren proxectos educativos que recollan explicitamente a continuidade entre o segundo ciclo de educación infantil e o primeiro ciclo de educación primaria con accións coordinadas que presten atención especial á participación das familias, particularmente cando se produce un cambio de centro educativo, e conteñan mecanismos para asegurar que, en todo caso, os obxectivos da etapa anterior teñen sido acadados.

5ª) Este Consello Escolar do Estado proponlles ás Administracións educativas autonómicas e á Administración educativa do Estado a colaboración na elaboración conxunta dun *Plan Especial de Educación Infantil* no seo da Conferencia Sectorial de Educación que contemple o carácter educativo do conxunto da etapa, estableza os requisitos mínimos comúns referidos ao primeiro ciclo que deberan cumprir os centros que o impartan, incluíndo os de titulación e formación permanente dos seus profesionais, e ofrezca as orientacións necesarias para que estes elaboren a súa

proposta pedagóxica en virtude do disposto pola Lei orgánica de educación, tendo como referencia as competencias básicas e o calendario para a consecución de obxectivos e o financiamento destinado ao seu logro.

De igual xeito, para favorecermos a continuidade e o seguimento individualizado, instase ás Administracións a establecer os mecanismos que garantan o intercambio de información tanto do grupo como da historia educativa de cada alumno individualmente considerado, respectando en todo caso a confidencialidade dos informes e a Lei de protección de datos. Co obxecto de incidir na mellora da calidade e atención á etapa infantil instamos ás diferentes Administracións a reducir as rateos actuais no 2º ciclo de educación infantil a 15 alumnos/as por aula. Esta rateo será reducida cando se escolarice alumnado con necesidades educativas especiais.

O Consello Escolar do Estado cre necesaria a introdución de forma xeneralizada das novas tecnoloxías da información e a comunicación e dunha lingua estranxeira na educación infantil. Así mesmo, dada a importancia da aprendizaxe de idiomas dende idades temperás, recoméndaselles ás Administracións educativas: potenciar a formación en linguas estranxeiras e a súa didáctica no profesorado de educación infantil, impulsar a incorporación de libros e materiais multimedia nas bibliotecas e aulas dos centros e a sinatura dun protocolo que favoreza a emisión de programas televisivos infantís estranxeiros en versión orixinal.

Do mesmo xeito, este Consello Escolar do Estado proponlles ás Administracións educativas autonómicas e á Administración educativa do Estado que asignen especialistas de educación física e música dende idades temperás para se iniciaren no movemento, o xesto e o ritmo. Tamén, instaselles a que doten os centros educativos de educación infantil nos que haxa alumnos que precisen atención máis individualizada dun meirande número de profesorado de apoio para a súa correcta atención e a adoptar cantas medidas organizativas e normativas sexan necesarias para que en todos os centros sostidos con fondos públicos se alcancen as mesmas rateos profesor/unidade escolar e os mesmos equipos de orientación educativa.

Dada a importancia que na dinámica da escola infantil teñen os recursos e materiais didácticos recoméndase coidar especialmente o equipamento dos centros nesta etapa acomodando a selección de materiais e recursos que se achegan ao desenvolvemento do currículo e ás necesidades educativas a estas idades.

2. Educación Primaria

1ª) O Consello Escolar do Estado observa dificultades de adaptación do alumnado ao inicio da etapa, ao pasar dende o último curso da educación infantil ao primeiro curso da educación primaria. Igualmente, existen algúns problemas de adaptación de determinados sectores do alumnado ao pasaren da educación primaria á educación secundaria. Polo tanto, recoméndaselles ás Administracións educativas que potencien os seus esforzos para facilitar o dito tránsito entre etapas mediante a elaboración de axeitados programas de coordinación entre o profesorado que imparte os diferentes niveis. Estes esforzos deberían orientarse a favorecer a coherencia entre as etapas, de xeito que a proposta pedagóxica do primeiro ciclo de educación primaria, incluída a previsión e a dotación de recursos de apoio ás necesidades específicas de apoio educativo, tomara como punto de partida a terminal da educación infantil, favorecendo procesos de elaboración conxunta entre ambos os ciclos.

2ª) O feito de que unha alta porcentaxe de estudantes rematen a escolarización obrigatoria sen saber comprender os textos que len e cun nivel de expresión oral e escrito deficientes, obríganos a adoptarmos medidas. Por iso, incrementar o hábito da lectura e a competencia lectora do alumnado é unha necesidade urxente do noso sistema educativo. Para o lograr, propónselles ás Administracións educativas a elaboración dun plan específico que inclúa a previsión e a dotación de recursos para as necesidades específicas de apoio educativo e que garanta a dedicación dun tempo diario á lectura dende a educación primaria en todas as etapas educativas, tal e como establece a lei. Coa elaboración deste plan deberíase atender de forma específica o desenvolvemento da comprensión lectora en todas as áreas e materias do currículo favorecendo: a organización de medidas de motivación á lectura nas etapas temperás, os obradoiros literarios e actividades lectoras en toda a etapa obrigatoria, a cooperación indispensable dos pais e a formación explícita para alumnos e profesores sobre os procedementos competentes da lectura comprensiva, así como a elaboración e difusión de materiais de aula que o propicien.

Propónselles ás Administracións educativas que favorezan a dedicación nos centros educativos dun tempo específico diario para a lectura e a escrita de textos en diferentes formatos e soportes. Ademais das actuacións necesarias para dotar os centros de bibliotecas escolares con instalacións axeitadas, atendidas por persoal especializado e con recursos suficientes, incluíndo os derivados da aplicación das novas tecnoloxías da información e a comunicación. Así mesmo, as Administracións educativas deberían propiciar a elaboración de publicacións, en formato papel e dixital, así como outras iniciativas de formación dirixidas ao aproveitamento e mellora de bibliotecas escolares e de aula, que inclúan recomendacións para a dotación e o

funcionamento da biblioteca, foros de intercambio de experiencias e espazos virtuais de lectores. Neste aspecto é moi importante a colaboración coas corporacións locais para converter as bibliotecas escolares nun sólido apoio para os procesos de ensinanza e aprendizaxe. Este plan específico de fomento da lectura debe ir acompañado da correspondente memoria económica e dunha avaliación periódica dos resultados obtidos.

3ª) O proceso educativo debe estar necesariamente coordinado entre a escola e as familias. O contacto fluído e a acción disposta nunha mesma dirección son factores que facilitan o proceso educativo e a construción da personalidade propia do alumnado. Así mesmo, cómpre implicar e potenciar a actuación conxunta da escola e a familia para estimular accións sobre normas de conduta, de convivencia, educación en valores, etc., sen interferir nos aspectos técnico profesionais da ensinanza, que deben ser competencia exclusiva dos docentes. Ínstase ás Administracións educativas e aos centros docentes a que dispoñan todas as medidas necesaria para facilitar o dito contacto, habilitando os horarios que sexan accesibles para todas as partes implicadas. Ademais, o Consello Escolar do Estado considera fundamental o desenvolvemento integral da infancia polo que insta ás Administracións educativas a fomentar a cooperación coas Administracións locais, os servizos sanitarios e os servizos sociais para a mellor atención integral de toda a poboación infantil de 3 a 12 anos.

4ª) O profesorado de todas as etapas é clave para calquera proceso de mellora da calidade dun sistema educativo. Por esta razón, a súa formación debe responder a dúas esixencias básicas: a científica e a psicopedagóxica. Os títulos específicos para as diferentes especialidades para impartir docencia na educación infantil e primaria deben adaptarse ao modelo universitario coñecido como “Proceso de Bolonia”. Por iso, o Consello Escolar do Estado considera fundamental o desenvolvemento de plans de avaliación diagnóstica e formación permanente do profesorado adaptados ás novas necesidades profesionais. Neste sentido, a formación na didáctica para aplicar as competencias básicas na aula e a programación e elaboración dos criterios de avaliación destas que os novos currículos establecen debe considerarse un eixo prioritario, potenciando sempre o intercambio de experiencias, a autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión, e a formación en centros. Así mesmo, ínstase ás Administracións educativas a organizar un programa de apoio a todo o profesorado que imparte docencia por primeira vez a través de mestres titores, que deberían ser convenientemente incentivados. Igualmente ínstase ao Ministerio de Educación a retomar as negociacións cos sindicatos representativos do profesorado para acordar un Estatuto da Función Pública Docente que permita cumprir os compromisos recollidos na LOE relativos ao recoñecemento e apoio ao profesorado xunto co establecemento dun sistema de desenvolvemento profesional que o homologue cos docentes dos países da OCDE.

5ª) Co obxecto de que o alumnado de educación primaria desenvolva o grao de competencias básicas correspondente ao seu nivel, as Administracións educativas impulsarán e xeneralizarán o estudo dunha segunda lingua estranxeira, así como o establecemento de programas que permitan o uso das novas tecnoloxías como recurso habitual. Así mesmo, para asegurar uns resultados óptimos e unha atención máis personalizada, o Consello Escolar do Estado propón reducir a rateo neste nivel educativo, fixando como máximo 20 alumnos por aula, reducíndoo de se escolarizar alumnado con necesidades de apoio educativo específico.

A porcentaxe de alumnado que finaliza a educación obrigatoria sen a obtención do título de graduado en ESO, require tomar medidas para actuar no momento en que se producen as dificultades, é dicir, en educación infantil e en primaria. En consecuencia, recoméndaselles ás Administracións educativas a planificación de actividades de reforzo e recuperación que formen parte das actuacións ordinarias dos centros educativos e que sexan o suficientemente flexibles para permitir intervenir no momento en que as dificultades se detecten, ou ben actividades de ampliación para os que teñen máis motivación e capacidade de aprender. En xeral, todas as actividades de reforzo e apoio requiren unha planificación coidada e “horas de docencia”, algunhas delas especializadas. O incremento do cadro de persoal (rateo profesor/aula) é urxente, pois a realidade actual é deficiente na ensinanza pública e moi deficiente na ensinanza concertada. A incorporación de equipos de orientación en número suficiente é tamén esencial. As avaliacións de diagnóstico ao finalizar o segundo ciclo de educación primaria han ser un instrumento para detectar as dificultades e favorecer a adopción de medidas de mellora, impedindo a clasificación de centros e incidindo no valor engadido que lles proporciona a institución escolar a todos os alumnos, en especial aos máis desfavorecidos.

Ínstase igualmente ás Administracións a establecer modelos de cadros de persoal que, coa suficiente dotación de mestres xeneralistas e especialistas, permitan levar á práctica os necesarios plans de acción titorial, os programas de apoio e reforzo, así como outras medidas efectivas de atención á diversidade. Para tal efecto, o Consello Escolar do Estado insta ás Administracións educativas a que doten a todos os centros educativos públicos con especialistas suficientes de AL, pedagogía terapéutica e servizo de orientación, e a que doten tamén a todos os centros públicos que imparten educación infantil e/ou primaria de persoal de administración e servizos para liberar o profesorado de funcións que non son docentes.

3. Educación Secundaria Obrigatoria

1ª) O Consello Escolar do Estado considera que o problema máis importante do noso sistema educativo é a baixa taxa de alumnos que rematan con éxito a ensinanza

obligatoria. Aínda que cómpre recoñecer que se teñen realizado importantes esforzos, os resultados non foron satisfactorios e é moito o camiño que queda por percorrer para acadar os niveis de titulación dos países da UE. Por iso, este Consello insta ás Administracións educativas a seguir mellorando a atención á diversidade con programas de diversificación, profundando na aplicación dos principios de inclusión, igualdade de oportunidades e accesibilidade universal, tanto mediante os recursos materiais e humanos necesarios como a través de programas de diversificación, de medidas de compensación educativa, de plans de lectura, de plans de reforzo, orientación e apoio, de desdobramentos e reforzo de áreas instrumentais, unha diminución das actuais rateos alumnos/aula a un máximo de 20 alumnos, reducíndoo se se escolariza alumnado con necesidades educativas especiais, de potenciación da acción titorial e da orientación académica e profesional –imprescindibles no paso entre etapas- así como do reforzo da orientación vocacional e laboral nos dous últimos cursos da secundaria obligatoria, particularmente nos casos do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Neste sentido, insistimos na conveniencia de situar as probas de recuperación nos primeiros días de setembro e recomendamos revisar a posibilidade de ampliar a flexibilidade na organización dos currículos dende o terceiro curso. O establecemento de medidas compensadoras para lograr que todo o alumnado desenvolva ao máximo as súas competencias sen renunciar á excelencia educativa e o deseño de estratexias e medidas específicas para o alumnado que presenta problemas de retraso escolar e carencias que lle impiden continuar con éxito os seus estudos coa correspondente avaliación dos plans de reforzo vixentes.

O fracaso escolar na ESO afecta tanto aos centros de titularidade pública como aos centros de titularidade privada concertados. Por iso cómpre o reforzo de máis profesionais na dotación de cadros de persoal en todos os centros sostidos con fondos públicos, sexan estes públicos ou privados concertados, que lles permita a todos eles superar, coas mesmas garantías de éxito, os retos e as dificultades descritas, pois son os mesmos para ambos os dous. A incorporación de máis profesionais aos departamentos de orientación é esencial.

O Consello Escolar do Estado insta ás Administracións educativas ao desenvolvemento e concreción nos currículos formativos das competencias básicas, establecendo un catálogo de competencias e niveis competenciais similares aos desenvolvidos para a formación profesional, para a condución a unha educación de calidade. Pero estes currículos deben ir acompañados dun necesario cambio metodolóxico nas aulas que asegure o éxito escolar e unha formación integral do alumnado.

2ª) O nomeado “fracaso escolar” é máis rotundo no caso dos varóns. En consecuencia, recoméndaselles ás Administracións educativas a elaboración de plans específicos que presenten unha oferta formativa atractiva para os novos e que inclúan campañas de concienciación dirixidas ás familias e actuacións concretas para o alumnado en risco de exclusión social. Entre outras, é urxente atopar remedios para reducir o elevado índice de absentismo escolar, adoptando medidas preventivas nos primeiros tramos escolares, medidas de apoio ao alumnado máis desfavorecido e de colaboración familia escola.

Nesa liña é fundamental que as diferentes Administracións educativas elaboren un *Plan estratéxico contra o abandono escolar temperá* de ámbito estatal, coordinado entre as Administracións educativas autonómicas e do Estado coas outras Administracións públicas e coa participación de entidades sociais, baseado en axudas ás familias, equipamento cultural e deportivo, potenciación da educación de adultos e o uso gratuito das novas tecnoloxías que lles facilite o acceso a un traballo estable.

3ª) O Consello Escolar do Estado insta ás Administracións educativas a que realicen unha axeitada programación da oferta educativa coa fin de facer efectiva a plena e equilibrada escolarización, mediante os mecanismos previstos na LOE, sen exclusións, do alumnado inmigrante ou que por calquera motivo se incorpora serodiamente ao sistema educativo, dos alumnos e alumnas que presentan necesidades educativas especiais e dos que presentan problemas ou riscos de abandono e de exclusión social. Así mesmo proponlles ás Administracións educativas autonómicas e á Administración educativa do Estado que emprendan accións para motivar aos novos con dificultades de aprendizaxe nas materias de formación xeral e que manifestan rexeitamento ao propio ambiente escolar, a aqueloutros estudantes que poidan abandonar o sistema educativo prematuramente porque posúen pouco dominio das técnicas instrumentais básicas, aos alumnos inmigrantes, aos novos situados na marxinación, etc., ofrecéndolles outras alternativas de formación menos academicistas que teñan un fin profesionalizador.

O Consello Escolar do Estado insta ás Administracións educativas a prover os recursos suficientes para que haxa un aumento de cadros de persoal e unha diminución de rateos alumnado/aula para acometer estas medidas en todos os centros sostidos con fondos públicos e en igualdade de condicións tal e como tamén recolle a LOE, pois esta proposta de programación da oferta educativa e a escolarización equilibrada do alumnado soamente será posible se todo o alumnado recibe atencións semellantes, sen facer ningunha distinción por estar escolarizado nun colexio público ou concertado, por estar nunha escola rural ou nunha grande cidade, por estar nun barrio determinado ou no alfoz desa grande cidade, etc.

4ª) Para favorecermos o éxito de todos os alumnos hai que facer efectiva a autonomía dos centros no diagnóstico das necesidades, no deseño das medidas a adoptar e na elaboración dos plans de convivencia encamiñados a mellorar o clima escolar nos centros de secundaria. Dende a análise da situación concreta de cada centro pódese desenvolver con maior eficacia o traballo cooperativo dos equipos docentes así como a cooperación entre os centros educativos e as familias a partir do reforzo das titorías e da orientación escolar. O Consello Escolar do Estado insta ás Administracións educativas a reforzar e coordinar as estruturas de orientación existentes en todo o Estado.

Tamén son necesarios plans integrais para o desenvolvemento de actividades sociocomunitarias en coordinación cos sectores sociais e institucionais do contorno máis próximo ao centro. Estes plans de contorno deberían contar coa participación dos profesionais que desenvolvan o seu labor nun espazo determinado.

